

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 23 de novembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1306).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1306).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN- 2015. EXPTE. 102893/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/11/15, dáse conta do informe-proposta do 16/11/15, da xefa do servizo de Benestar, conformado polo xefe de área, polo asesor da área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

"I. ANTECEDENTES.

I.1. A Xunta de Goberno Local, nas súas sesións extraordinarias e urxentes do 30.12.2014, 13.02.2015 (modificación) e 13.03.2015 (corrección), acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 102893/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2015 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: "Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética").

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=607&lang=ga>) e no BOP de Pontevedra. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no BOP nº 88, do 12.05.2015 e que finalizou o 09.06.2015, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 3.007 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes debían cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

–A ditos solicitantes asignouselles unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.800.000 €) divídese entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicou pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reserváronse 200.000 € para atender, nunha segunda resolución, ás posibles reclamacións que se presenten.

I.7. Así, das 3.007 solicitudes presentadas, 1.828 resultarían estimadas e 1.179 desestimadas. De acordo coa Base 14ª, o crédito total dispoñible dividirase entre a suma dos puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto, que multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir. Así as cousas: 1.799.909,00 € (axuste á baixa de 1.800.000,00 €) / 16.252 puntos = 110,75 €/punto.

Como se indicou, a cantidade a percibir en cada caso (Anexo I) é o resultado de multiplicar ese valor do punto polo número deles obtidos por cada beneficiario, en función dos seus ingresos e número de membros da unidade de convivencia.

I.8. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 16.11.2015).

I.9. Da información que obra en poder deste Departamento resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas; o que se pon de manifesto para os efectos do indicado na Base 13.1. do Programa.

I.10. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas.

I.11. Por razón do obxecto destas axudas extraordinarias e tendo en conta a necesaria protección do dereito á intimidade dos solicitantes, non se inclúen nos Anexos da Resolución desta convocatoria que serán obxecto de publicación os nomes e apelidos das persoas ás que se lles concedeu ou denegou a axuda. Uns e outros serán debidamente identificados co seu correspondente número de DNI (NIE, pasaporte...) e a súa solicitude co número de documento do Rexistro de entrada no Rexistro xeral municipal. Nas concedidas, indicárase tamén o importe da axuda e, nas denegadas, a causa concreta da denegación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder ás 1.828 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 150059701 e remata co nº 150121711), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015». O gasto total (1.799.909,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.179 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 150059277 e remata co nº 150082714) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1307).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DECORATIVOS NAVIDEÑOS. EXPTE. 1436/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/11/15, dáse conta do informe-proposta do 16/11/15 do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto da subministración en réxime de aluguer de elementos decorativos navideños. (expediente 1436-106).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 28 de outubro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos decorativos navideños. (expediente 1436-106).” no seguinte orde decrecente:

1.- IMESAPI, S.A. 96,30 puntos.

2.- CREACIONES LUMINOSAS S.L. 71,90 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios materiais ó cales se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 652,60 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar, , IMESAPI, S.A, o día 28 de outubro de 2015, que presentan a documentación requirida en data 05 de novembro, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 10 de novembro de 2015 se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a IMESAPI, S.A, o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos decorativos navideños. (expediente 1436-106) por un prezo de 157.613,39 euros e as seguintes prestacións adicionais:

- Incremento de 25 arcos e motivos navideños a subministrar dos que 10 son arcos e 15 son motivos navideños.*
- Incrementa o stock de seguridade esixida no prego (8%) nun 7 % de elementos decorativos navideños.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1308).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS AO PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA O DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2016. EXPTE. 6190/335.

Dáse conta do informe-proposta do 23/11/15, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

En data 20 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local, acordou:

Primeiro:- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2016. (expediente 6190-335).” no seguinte orde decrecente:

- 1.- La Fiesta Escénica, S.L. 97 puntos.*
- 2.- C.A. TOTALITY GROUP S.L.U. 76,27 puntos.*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA TOTALITY GROUP S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares. probou a clasificación das ofertas presentadas ao o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras da II fase da grada de Tribuna do estadio municipal de Balaidos.*

No apartado segundo do acordo se require ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA TOTALITY GROUP S.L.U., cando de acordo coa clasificación aprobada no apartado primeiro do citado acordo o licitador clasificado en primeiro lugar é La Fiesta Escénica, S.L..

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local de 20 de novembro de 2015, aprobou a clasificación e requirimento de documentación do “procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2016. (expediente 6190-335).”

No apartado segundo do acordo se require ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA TOTALITY GROUP S.L.U., cando de acordo coa clasificación aprobada no apartado primeiro do citado acordo o licitador clasificado en primeiro lugar é La Fiesta Escénica, S.L..

É preciso, en consecuencia, corrixir dito apartado do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o apartado segundo do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión de 20 de novembro de 2015, polo que se aprobou a clasificación e requirimento de documentación do “procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas que quedará redactado da forma seguinte:

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, La Fiesta Escénica, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1309).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA. EXPTE. 14634/333.

Dáse conta do informe-proposta do 20/11/15, do xefe da unidade técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 8/07/2015, aprobou o expediente PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E REPARACIÓN NOS CAMPOS DE FUTBOL DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO (EXPTE 14229-333). Este convenio foi tamén aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria do 19/06/2015 e asinado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e o Presidente da Deputación Provincial, con data 8 de xullo de 2015.

Nos apartados terceiro e cuarto do dito Convenio, entre outras obrigas, recóllense que o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, achegaran cadanseu a cantidade de 289.680 €. Tamén no apartado segundo punto 2, o Concello de Vigo, comprométese a contratar, dirixir e executar as obras de acordo co TRLCSP. A redacción dos proxectos de obras, segundo o disposto no apartado cuarto punto segundo, será responsabilidade dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

En base ao anterior, os servizos técnicos da Deputación Provincial elaboran unha memoria valorada redactada pola enxeñeira D^a Belén Pampín que conta co conforme do director de infraestruturas en funcións da Deputación Provincial, D. Manuel González Juanatey, cuxo obxecto é a execución de traballos de mantemento e reparación no campo de fútbol de San Andrés de Comesaña. Na devandita memoria valorada, estímase un prezo máximo para a citada obra será o de 78.582,65 € (IVE incluído), do cal corresponde o IVE un importe de 13.638,31 €.

2.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: rexeráanse, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente

a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- *Elaboración do proxecto.* O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado, ao abeiro do Convenio suscrito entre as dúas administracións (Deputación e Concello), polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra, en concreto pola enxeñeira D^a Belén Pampín Camino, co conforme do director de Infraestruturas en funcións D. Manuel González Juanatey.

En orde á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

Esta actuación consiste na realización das obras para a reparación de elementos deteriorados no campo de fútbol de Comesaña, co fin de solucionar o problema do afundimento existente nunha das súas bandas, procedendo á retirada de todos os elementos necesarios para a execución da reparación, demolición do pavimento asfáltico existente, escavación de saneo da zona deteriorada, construción dun muro de formigón para a contención de terras, recheo de xabre, execución de lousa de formigón e colocación de todos os elementos retirados ao comezo da obra, co fin de deixar as instalacións tal e como se atopaban antes do comezo das obras. A maiores, está previsto o aspirado e descompactado de recheos de caucho e area na totalidade do céspede sintético e o aporte de 10 Tm de caucho.

O prazo estimado para a execución das obras descritas será de TRES MESES.

Terceiro.- *Supervisión do proxecto.* Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Neste caso, non procede a supervisión, xa que non se dá ningunha das dúas condicións. Porén, unha vez entregado o proxecto básico e de execución por parte do administración provincial, envíase aos arquitectos municipais, adscritos á Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, para informe sobre o proxecto. O dito informe emítese o 17/11/2015 e resulta favorable.

Cuarto.- *Aprobación do proxecto e órgano competente.* De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De

acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

3.- PROPOSTA.-

Polo anteriormente exposto, **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- “Aprobar o PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, redactado polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra e asinado pola enxeñeira D^a Belén Pampín Camino e conformado polo director de infraestruturas en funcións, D. Manuel González Juanatey. Este proxecto, que conta co informe favorable do arquitectos D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, dependentes da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, ten un orzamento base de licitación de 78.582,65 € (setenta e oito mil cincocentos oitenta e dous euros con sesenta e cinco céntimos”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1310).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 14636/333.

Dáse conta do informe-proposta do 20/11/15, do xefe da unidade técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 8/07/2015, aprobou o expediente PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E REPARACIÓN NOS CAMPOS DE FUTBOL DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO (EXPTE 14229-333). Este convenio foi tamén aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria do 19/06/2015 e asinado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e o Presidente da Deputación Provincial, con data 8 de xullo de 2015.

Nos apartados terceiro e cuarto do dito Convenio, entre outras obrigas, recóllense que o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, achegaran cadanseu a cantidade de 289.680 €. Tamén no apartado segundo punto 2, o Concello de Vigo, comprométese a contratar, dirixir e executar as obras de acordo co TRLCSP. A redacción dos proxectos de obras, segundo o disposto no apartado cuarto punto segundo, será responsabilidade dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

En base ao anterior, os servizos técnicos da Deputación Provincial elaboran unha memoria valorada redactada pola enxeñeira D^a Belén Pampín que conta co conforme do director de infraestruturas en funcións da Deputación Provincial, D. Manuel González Juanatey, cuxo obxecto é a execución de traballos de mantemento e reparación no campo de fútbol de San Andrés do Meixoeiro. Na devandita memoria valorada, estímase un prezo máximo para a citada obra será o de 52.990,39 € (IVE incluído), do cal corresponde o IVE un importe de 9.196,68 €.

2.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: rexeráanse, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado, ao abeiro do Convenio suscrito entre as dúas administracións (Deputación e Concello), polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra, en concreto pola enxeñeira D^a Belén Pampín Camino, co conforme do director de Infraestruturas en funcións D. Manuel González Juanatey.

En orde á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RRLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

Esta actuación consiste na realización das obras de reparación dos elementos deteriorados no campo de fútbol municipal do Meixoeiro, solucionando o problema do afundimento existente na zona onde se atopa o depósito de auga de 20.000 litros para rego do campo, procedendo á demolición de 195 m² do pavimento de formigón existente, onde se produciu o citado afundimento, retirada do depósito actual e todos os elementos afectados pola obra (pozos, sumidoiros, arquetas, sistema hidráulico de rego, tuberías, caseta, etc), escavación de 256 m³ de terra para a instalación dun novo depósito de formigón armado de 4 m de alto e diámetro 250 cm, reinstalación ou reposición de todos os elementos afectados pola obra e posterior pavimentación dos 195 m² demolidos con 15 cm de formigón armado, previo rasanteo, nivelación e compactación da zona,

con aportación de xabre necesario, para dotar á zona do nivel e pendente necesarias, deixando así todas as instalacións tal e como estaban antes do comezo das obras, pero subsanando o problema do afundimento existente na zona indicada. A maiores, contéplase o aspirado e descompactado de recheos de caucho e area na totalidade do céspede sintético e o aporte de 10 Tm de caucho.

O prazo estimado para a execución das obras descritas será de DOUS MESES.

Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Neste caso, non procede a supervisión, xa que non se da ningunha das dúas condicións. Porén, unha vez entregado o proxecto básico e de execución por parte do administración provincial, envíase aos arquitectos municipais, adscritos á Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, para informe sobre o proxecto. O dito informe emítese o 17/11/2015 e resulta favorable.

Cuarto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

3.- PROPOSTA.-

Polo anteriormente exposto, PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- "Aprobar o PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO NO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO, redactado polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra e asinado pola enxeñeira D^a Belén Pampín Camino e conformado polo director de infraestruturas en funcións, D. Manuel González Juanatey. Este proxecto, que conta co informe favorable do arquitectos D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, dependentes da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, ten un orzamento base de licitación de 52.990,39 € (cincoenta e dous mil novecentos noventa euros con trinta e nove céntimos".

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1311).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 3494/440.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 12 e 16.11.15, o informe de fiscalización do 18.11.15, dáse conta do informe-proposta do

xefe de xestión da Área de Fomento, do 23.11.15, conformado polo xefe de dita Área, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e a concelleira da Área de Economía e Facenda e o interventor xeral, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución do 25 de setembro de 2015, o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación do subministro de vestiario para o persoal do concello de Vigo ano 2014.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do Xefe da Área de Fomento de data 24 de setembro de 2015.*
- Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e do Concelleiro de Fomento de data 28 de setembro de 2015 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- Prego de prescripción técnicas particulares redactado polo Xefe da Área de Fomento e asinado con data 6 de novembro de 2015, o cal recolle os aspectos a ter en conta no desenvolvemento do subministro do vestiario.*
- Informe do Servizo municipal de prevención de riscos laborais de data 9 de novembro de 2015, no que indican que "a execución do expediente 3494/440 debe realizarse de forma urxente para poder garantir a entrega e reposición urxente dos EPI aos traballadores, así como para garantir os dereitos dos/as empregados/as públicos/as municipais a unha protección efectiva en materia de seguridade e saúde laboral, tal e como aparece recollido no art. 14.- LPRL".*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro de vestiario para o persoal do concello de Vigo ano 2015, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 12 de novembro de 2015 .*
- Aspectos a ter en conta no desenvolvemento do prego de prescripcións administrativas regulador do subministro do vestiario*
- Informe ó expediente de contratación do Titular da Asesoría Xurídica de data 12 de novembro de 2015.*
- Informe ó expediente de contratación do Titular da Asesoría Xurídica de data 16 de novembro de 2015.*
- Informe de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade*
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro de vestiario para o persoal do Concello de Vigo ano 2015, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 20 de novembro de 2015.*
- Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 20 de novembro de 2015 do Prego de Clausulas administrativas particulares de data 20 de novembro de 2015.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado da Area de Xestión Municipal e o Concelleiro de Fomento en resolución de data 28 de setembro de 2015, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- O obxecto do contrato consiste na adquisición do vestiario destinado ao seu uso polo persoal municipal no desempeño das súas funcións.

Trátase, pois, dun contrato de subministro por ter como obxecto a adquisición de produtos ou bens mobles (artigo 9 TRLCSP).

Prevese a división en lotes, xustificada no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 86.3 do TRLCSP.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral este contrato pretende dar cobertura as obrigas recollidas no actual acordo regulador das condición económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo na disposición adicional décima, recolle a obriga para o Concello de Vigo de contratar a subministración do vestiario de persoal acordado para cada ano. A necesidade de uso de prendas de traballo e protección para o persoal municipal de diferentes servizos do Concello de Vigo fai necesaria a contratación deste subministro de vestiario de acordo coas necesidades e características mínimas necesarias para cada uso e fin das diferentes prendas e EPIs.

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias en relación as necesidades de vestiarios para o desenvolvemento das tarefas do persoal dos servizos relativos o exercicio das competencias previstas nos art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, "infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade", así como do previsto no artigo 25,2, f) "Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios"

Terceiro.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe da Area de Fomento coa data do 6 de novembro de 2015, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 20 de novembro de 2015 .

Cuarto.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto. A forma de tramitación do expediente é a de urxencia, prevista no artigo 112 do TRLCSP.

Xustifícase a urxencia no informe das Técnicas de Prevención de Riscos Laborais de Recursos Humanos, servizo especializado na materia que indica:

"Os equipos de protección individual (en adiante EPI) constitúen a derradeira barreira de protección dun/unha traballador/a fronte a un risco identificado, avaliado e que non foi posible eliminar, ou ben cando non se puido instalar unha protección colectiva eficaz (ou mentras esta non se implanta) ou cando existe un risco residual tras ter instalada a protección colectiva. A decisión de entrega dun EPI está precedida por unha avaliación de riscos que xustifica a súa

necesidade en base á que se definen as súas características técnicas, cumprindo o establecido no art. 15.- Lei 31/95, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, principios reitores da acción preventiva.

O concello de Vigo, en aplicación do establecido no art. 17.2 da Lei 31/95, de e 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: "(...) deberá proporcionar aos seus traballadores equipos de protección individual adecuados para o desempeño das súas funcións e velar polo uso efectivo dos mesmos cando, pola natureza dos traballos realizados, sexan necesarios."

A entrega e reposición de EPI aos/ás empregados/as públicos/as municipais deberá realizarse sempre que sexa necesario tal e como recolle o art. 3.3 do RD 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual:

"Artigo 3. Obrigacións xerais do empresario

En aplicación do disposto no presente Real Decreto, o empresario estará obrigado a:

3. Proporcionar gratuitamente aos traballadores os equipos de protección individual que deban utilizar, repoñéndoo cando resulte necesario."

A non entrega ou reposición dun EPI a aos/ás empregados/as públicos/as municipais supón a exposición destes a un ou máis riscos laborais identificados e avaliados e polo tanto o incumprimento das obrigas en materia preventiva por parte do concello de Vigo.

Tendo en conta o exposto, o Servizo de prevención de riscos laborais do concello de Vigo entende que a execución do expediente 3494/440 debe realizarse de forma urxente para poder garantir a entrega e reposición urxente dos EPI aos traballadores, así como para garantir os dereitos dos/as empregados/as públicos/as municipais a unha protección efectiva en materia de seguridade e saúde laboral, tal e como aparece recollido no art. 14.- LPRL. "

Quinto.- Presuposto do contrato-valor estimado do contrato-suxeición a regulación harmonizada-aplicación orzamentaria

A determinación do presuposto do contrato (147.316,00€), calculado mediante prezos unitarios, axéitase ao previsto no artigo 87 do TRLCSP e tamén se recolle a dotación económica de cada un dos lotes.

Atendendo ao seu valor estimado (147.316,00 €) euros), o contrato non está suxeito a regulación harmonizada (artigo 15 TRLCSP).

O gasto proposto, establececese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, de acordo coa aprobación plenaria do 28 de abril de 2014, da corrección de erros materiais e aritméticos da modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

A aplicación orzamentaria prevista no PCAP é a 922.0.221.04.00 "vestiario servizos municipais".

Sexto.- Réxime de pagamento

Prevese expresamente o réxime de pagamento segundo o disposto no artigo 216 do TRLCSP, mediante a presentación de facturas, que serán conformadas polo xefe do servizo xestor, segundo se produza a entrega e aceptación de todas as prendas que compoñen o lote adxudicado. Relaciónanse os extremos que deben figurar nas facturas.

Setimo.- Non procede a revisión de prezos.

Octava.- Prazo de entrega e prórrogas. O prazo de execución fíxase no 30 de decembro; establecéndose prazos parciais. Non se contempla prórroga ningunha.

Novena.- Criterios de adxudicación e ponderación

Recóllense os criterios para a valoración das ofertas, vinculados ao obxecto do contrato (artigo 150.1 e 2 do TRLCSP):

<i>Criterios de adxudicación</i>			<i>Puntuación</i>
<i>Avaliables mediante xuízo de valor</i>			
<i>Funcionalidade das prendas</i>	<i>Funcionalidade da prenda para a execución dos traballos aos que está asignada:</i>	<i>15</i>	<i>20</i>
	<i>Adaptabilidade das prendas ofertadas ás prendas que veña utilizando na actualidade a plantilla de persoal</i>	<i>5</i>	
<i>Avaliables a través de fórmula</i>			
<i>Prezo ofertado</i>			<i>80</i>
<i>Total criterios obxectivos</i>			<i>80</i>
<i>Total criterios subxectivos</i>			<i>20</i>

Atendendo as peculiaridades do obxecto do contrato, atopándose adecuadamente definidas as características técnicas de cada un dos elementos a subministrar, non se debe considerar ningún criterio para determinar a existencia de ofertas incursas en baixas anormais ou desproporcionadas.

Décimo.-Réxime de modificación do contrato. O PCAP prevé a posibilidade de introducir modificacións nas prendas a subministrar motivada polos cambios normativos en materia de seguridade e saúde no traballo en tanto non se teñan subministrado as prendas e teñan sido aceptadas pola Administración.

Décimo primeiro.- En cumprimento do disposto no artigo 112 do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 16 de novembro de 2015, informe ó expediente de contratación.

Decimo segundo.- No artigo 109.3 do TRLCSP establécese que ao expediente incorporaráse o certificado de existencia de crédito, documento que foi incorporado polo Servizo de Intervención Xeral que ademais informou de conformidade.

Décimo terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e de acordo co informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral de data 18 de novembro de 2015 procédese a adecuar ás observacións indicadas no mesmo, co seguintes axustes no PCAP:

CLÁUSULA 13.5.D DAS PCAP: “A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas concorra algunha das seguintes circunstancias: Non ter presentado mostras correspondentes á algunha das prendas incluídas no lote correspondente”.

NAS FEC:

1.C. RESPONSABLE DO CONTRATO: xefe de área de servizos Xerais

3.F. PREZOS UNITARIOS(con IVE): os consignados no anexo III. Estes prezos unitarios terán o carácter de máximos. Serán excluídas as ofertas que superen estes prezos máximos.”

Por todo elo, se SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para para a contratación do subministro do vestiario para o persoal dependente do Concello de Vigo correspondente o ano 2015.

Segundo: Aprobar o prego de prescripción técnicas particulares para o subministro de vestiario para o persoal do concello de Vigo correspondente o ano 2015 redactado polo xefe de Area de Fomento e asinado con data 6 de novembro de 2015.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro de vestiario para o persoal do concello de Vigo correspondente o ano 2015 redactado pola Xefa do servizo de contratación con data 20 de novembro de 2015.

Cuarto: Autorizar o gasto por un importe máximo de 147.316,00 €, sendo o importe correspondente ó IVE o de 29.749,58 €, con cargo a partida a 922.0.221.04.00 “Vestiario servizos municipais”.

Quinto: *Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1312).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VIAXE A NEWCASTLE DE MANUEL MONROY CASTRO PARA A ASISTENCIA A REUNIÓNS DE TRABALLO DO PROXECTO COMPASS 4D. EXPTE. 95274/210.

Visto o informe de fiscalización do 20/11/15, dáse conta do informe-proposta do 13/11/15, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“O Concello de Vigo forma parte de varios proxectos cooperativos que se celebran entre varias cidades europeas para o desenvolvemento de novas tecnoloxías no ámbito da mobilidade e seguridade, entre estos atópase o proxecto COMPASS 4D.

Nel colaboran o Concello de Vigo, Vitrasa, o Centro Galego de Automoción de Galicia (CTAG) e a mercantil ESYCSA.

Este proxecto este mes ten como centro de reunión de coordinación dos traballos a cidade de Newcastle (Reino Unido), que se celebrará dende o día 24 ao 27 de novembro, polo que se fai necesario a presenza de representantes deste Concello.

En data 9 de novembro de 2015 o Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Manuel Monroy Castro, solicita autorización para poder asistir a ditas reunións.

Polo exposto fomúlase a seguinte,

PROPOSTA

1º Autorizar o desprazamento á cidade de Newcastle (Reino Unido), do funcionario D. Manuel Monroy Castro, Enxeñeiro Técnico de Seguridade e Mobilidade, con nº de persoal 82191, para asistir dende o día 24 ao 27 de novembro de 2015, ás reunións dos traballos do proxecto COMPASS 4D.

2º Autorizar o gasto mediante libramento a xustificar a prol de D. Manuel Monroy Castro, con DNI 36082635M, polos seguintes importes:

Partida 1330 2302000, Dietas do persoal, por importe de 720 EUROS

Partida 1330 2312000, Gastos de locomoción persoal non directivo, por importe de 750 €

3º O ingreso do libramento a xustificar farase na conta habilitada IBAN: ES69 2080.5000 6831 1028 8535, da Area de Seguridade e Mobilidade, na que figura como titular habilitado D. Antonio Vivero Mijares (DNI 36088250P).”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1313).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VIAXE A NEWCASTLE DE ANTONIO VIVERO MIJARES PARA A ASISTENCIA A REUNIÓN DE TRABALLO DO PROXECTO COMPASS 4D. EXPTE. 95277/210.

Visto o informe de fiscalización do 20/11/15, dáse conta do informe-proposta do 13/11/15, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“O Concello de Vigo forma parte de varios proxectos cooperativos que se celebran entre varias cidades europeas para o desenvolvemento de novas tecnoloxías no ámbito da mobilidade e seguridade, entre estes atópase o proxecto COMPASS 4D. Nel colaboran o Concello de Vigo, Vitrasa, o Centro Galego de Automoción de Galicia (CTAG) e a mercantil ESYCSA.

Este proxecto este mes ten como centro de reunión de coordinación dos traballos a cidade de Newcastle (Reino Unido), que se celebrará dende o día 24 ao 27 de novembro, polo que se fai necesario a presenza de representantes deste Concello.

En data 10 de novembro de 2015 o Xefe de Area, D. Antonio Vivero Mijares solicita autorización para poder asistir a ditas reunións.

*Polo exposto fomúlase a seguinte,
PROPOSTA*

1º Autorizar o desprazamento á cidade de Newcastle (Reino Unido), do funcionario D. Antonio Vivero Mijares, Xefe de Area de Seguridade e Mobilidade, con nº de persoal 21054, para asistir dende o día 24 ao 27 de novembro de 2015, ás reunións dos traballos do proxecto COMPASS 4D.

2º Autorizar o gasto mediante libramento a xustificar a prol de D. Antonio Vivero Mijares, con DNI 36088250P, polos seguintes importes:

Partida 1330 2302000, Dietas do persoal, por importe de 720 EUROS

Partida 1330 2312000, Gastos de locomoción persoal non directivo, por importe de 750 €

3º O ingreso do libramento a xustificar farase na conta habilitada IBAN: ES69 2080.5000 6831 1028 8535, da Area de Seguridade e Mobilidade, na que figura como titular habilitado D. Antonio Vivero Mijares (DNI 36088250P).”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.